



C.I.F.: P-3208500C

Concello de Vereá (Ourense)

Carballo - 32813

Tel. 988 43 06 00 - Fax 988 10 66 20

e-mail:concello.verea@eidolocal.es

DONA MARÍA BLANCA RIVERA VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Vereá.

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 7 de outubro de 2.015, adoptou entre outros o seguinte acordo, que literalmente di:

5.- APROBACIÓN ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

A continuación, deuse conta do convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e acceso á información Pública, que ten como obxecto, o establecemento do marco regulador das accións de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia, coa finalidade de garantir o pleno cumprimento, na totalidade das administracións locais da provincia, do establecido na Lei 19/2013 de 9 de decembro , de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno.

Así mesmo deuse conta do informe de Secretaria de data 30 de setembro de 2.015.

Tras a lectura da mencionada documentación, o Pleno da Corporación , por 6 votos a favor (os dos Concelleiros do Grupo Político Partido Popular e o do Concelleiro do Grupo mixto), e 3 abstencións (as dos Concelleiros do Grupo Político Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Aberta), o que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acordou:

1.- Aprobar a adhesión do Concello ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2.- Transferirle á Deputación Provincial, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia , Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no mencionado convenio.

3.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Alberto Rivero Rodríguez.

E para que conste, coas reservas do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Antonio Martínez González, que asino e selo en Vereas, a oito de outubro de dous mil quince.

Visto e Praxe

A Secretaria

O Alcalde

Asdo: Juan A. Martínez González



Blanca Rivera Vázquez

Asdo: M^a Blanca Rivera Vázquez